

ACTA DE ESTUDO DE DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES

Na Casa do Concello de Ames sendo as catorce horas e sete minutos do día vinte e sete de decembro de dous mil dezaseis, reúnese a Mesa de Contratación designada para a **CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO PARA A LICITACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DO "CICLO INTEGRAL DA AUGA" DO CONCELLO DE AMES**

ASISTENTES:

Presidente:

Don José Manuel Miñones Conde, alcalde do Concello de Ames.

Vogais:

Dona Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental da Corporación.

Dona Margarita Fenández Sobrino, interventora da Corporación.

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

Dona María Gamundi Fernández, arquitecta técnica da Corporación.

Por parte dos **grupos municipais da oposición**, con voz pero sen voto, asiste o representante do grupo municipal do Partido Popular, don Roberto José Martínez Viaño, a concelleira do grupo municipal Ames Novo, dona María Jesús Bó Feijoo e o concelleiro do grupo municipal Pacto x Ames, don Ramón García Argibay.

Secretario: Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto da presente reunión proceder ao exame da documentación aportada pola empresa clasificada en primeiro lugar no procedemento arriba indicado, ao obxecto de comprobar que a mesma cumpre cos requisitos necesarios para propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do servizo do ciclo integral da auga do Concello de Ames.

Con data 24 de novembro o Pleno do Concello de Ames aprobou a clasificación de ofertas e requirir a presentación do correspondente aval e demais documentación, como paso previo e necesario, para adxudicar o servizo do ciclo integral da auga do Concello de Ames.

Dito acordo foille notificado a todos os licitadores, que tomaron parte no procedemento aberto de contratación.

Con data 15 de decembro de 2016 a empresa clasificada en primeiro lugar, Espina y Delfín SL, presentou no rexistro xeral do Concello (rexistro de entrada nº. 12499) a documentación requirida para proceder a adxudicación definitiva.

A mesa de contratación analizada a documentación presentada pola empresa clasificada en primeiro lugar e considera que cumpre cos requisitos (Certificación acreditativa de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, coa seguridade social e co Concello de Ames; documento acreditativo de ter constituída (en calquera das formas establecidas nos artigos 96 e 98 do TRLCSP e nas condicións previstas no artigo 97 do mesmo texto legal) unha garantía definitiva por un importe de 100.000 euros segundo se especifica na cláusula 38 dos pregos de cláusulas administrativas polos que se rexeu a licitación (anexo III e anexo IV); documento xustificativo de reembolso ao Concello de Ames do importe dos anuncios de licitación por importe de 1.256,54 euros; documentación xustificativa de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato, conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP (cláusula 41.2 do prego de cláusulas administrativas particulares) necesarios para que lle sexa adxudicado o servizo do ciclo integral da auga do Concello de Ames.

Con respecto ó derradeiro apartado da documentación solicitada, deixase constancia de que Espina y Delfín SL presentou a documentación relativa á adscripción de novas dependencias, así como vehículos, utilillaxe e medios de nova adquisición, comprometéndose á incorporación dos mesmos unha vez asinado o contrato do servizo entre o Concello e a empresa adxudicatária. Aclárase que se presenta como documentación complementaria porque dende o Concello se lle fixo saber que deberían presentala para poder proceder á adxudicación do servizo.



Á vista da documentación presentada a Mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes,
ACORDA:

Trasladar ó órgano de contratación a proposta de adjudicación do servizo do **“Ciclo Integral da Auga do Concello de Ames”** á empresa Espina y Delfin, SL con CIF B-150256693 nos prezos e condicións establecidos na oferta formulada así como nos pregos de cláusulas administrativas particulares e pregos de condicións técnicas polas que se rexeu a licitación e cuxos parámetros principais son os seguintes:

| CONCEPTO | PREZO M3 AUGA FACTURADA ETAP | PREZO M3 FACTURADO SANEAM. E DEPURACION | PREZO M3 CIRCULACIÓN EN ALTA A TEO | PREZO M3 AUGA FACTURA ETAP A BRION | % BAIXA APLICADA A SERVIZOS USUARIO (CLAUS. 15 PREGO) | % DE BAIXA SOBRE PREZOS DESCOMPOS TOS ANEXO VI | IMPORTE OFERTADO OBRAS REPARACIÓN |
|------------------------|---------------------------------------|--|---|---|--|--|--|
| Espina y Delfin, SL | 0,5580 | 0,5580 | 0,0000 | 0,2628 | 76,00% | 56,00% | 300.000,0000 |

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as catorce horas e vinte minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.



Handwritten signatures in blue and green ink, including the name 'R. Martínez Varela' and 'R. J.'.